

## **Pere Tobaruela, novo correspondente da Real Academia Galega: "A banda deseñada ou libros con información gráfica recuperan lectorado"**

O pleno da Real Academia Galega (RAG) vén de elixir o escritor, xestor e xornalista cultural e docente Pere Tobaruela (Barcelona, 1965) como novo académico correspondente. Licenciado en Xeografía e Historia pola Universitat de Barcelona (UB), reside na Galiza desde hai máis de dúas décadas. En 2007 debutou como autor en galego co título *Cos ollos de neno* (Biblos).

[Antón Escuredo](#)

22 de abril de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/pere-tobaruela-nomeado-novo-correspondente-da-real-academia-galega/20260422214718254330.html>

**—Para ser correspondente da Real Academia Galega hai que ter detrás unha traxectoria.**

Desde logo. Falar da miña traxectoria e dos meus méritos como podes comprender é un pouco difícil mais obxectivamente é así. Unha institución da envergadura da Academia, sobre todo, necesita persoas cunha traxectoria avalada pola súa profesión, polas súas capacidades ou polas titulacións académicas. No meu caso, son unha persoa vinculada á lingua galega e comprometida. Sobre todo, creo que na Academia agora tamén se busca un compromiso coa nosa lingua e a nosa cultura. Nese sentido, a miña traxectoria literaria de todos estes anos é un aval diso, ademais doutras facetas desenvolvidas en Catalunya e aquí no eido da xestión cultural e vinculación máis práctica, non tan literaria.

**—Ser correspondente implica tender pontes. Cales serían?**

A Academia vive, desde hai algúns anos, un proceso de abertura cara á sociedade. Eu son consciente diso. Penso, como correspondente adscrito, pedir estar na sección de literatura. A miña idea é tender pontes coa sociedade a partir de proxectos e ideas concretas que proporei para desenvolver. Sobre todo vou facer énfase no que para min é vital hoxe en día: preservar a nosa lingua.

Vivimos nunha emerxencia lingüística e hai que enfocar accións vinculadas coa literatura infantil e xuvenil. Estou convencido de que o coidado e a perseveranza coa nosa mocidade é garantía de futuro para nosa lingua. Nese sentido remítome ás palabras da toma de posesión do actual presidente, Henrique Monteagudo, que ían nesa liña. Nós, necesariamente, temos que conectar coa mocidade e coa xente nova por ser os garantes da nosa lingua. A Academia está enfocada

niso a partir de accións concretas. Coa miña especialidade en literatura infantil e xuvenil vou contribuír como poida.

**—Fálase moito de que agora a xente máis nova non le tanto literatura. Que opina?**

Non se trata de ler máis ou menos. Trátase da capacidade de concentración. A dispersión na que vive hoxe inmersa a nosa mocidade polas novas tecnoloxías. Por iso hai unha capacidade moi pouco desenvolvida e a lectura reséntese nese sentido. Mais hai novos rexistros literarios como é a banda deseñada ou como son os libros con máis información gráfica que creo que recuperan ese lectorado.

**—A cuestión básica é a chamada mediación. Os mestres, as bibliotecas... Unha serie de estamentos que xogan e xogarán un papel moi importante non só na lectura senón tamén no enfoque da literatura galega.**

Ademais, hai iniciativas que eu quero desenvolver. A Academia pode tecer pontes coa Federación de Libreiros, coas bibliotecas para tentar colaborar. Está claro que agora é o momento de xuntar forzas e a Real Academia é un ente con moito peso e sobre todo que pode crear sinerxías. Outro dos meus propósitos, aproveitando a miña relación con catalán, é tecer pontes con outras Academias.

**—Escritor, xestor cultural, docente e ademais adestrador profesional de fútbol. Que teñen en común?**

Todas teñen algo en común. No fútbol, por poñer un exemplo, hai moitos clubs que manteñen a toponimia deturpada. Hai moito traballo por facer aínda.